

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE OUTUBRO DE 2020**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.2.	Días de chuvia en outubro de 2020	20
6.3.	Evolución da precipitación en outubro de 2020	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	28
9	RAIOS	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 05/11/2020



Mes frío e normal en canto á precipitación.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de outubro estivo caracterizado pola influencia de borrascas, de xeito intermitente pero con moita actividade. Isto fixo que as chuvias estivesen moi próximas ás normais neste mes e as temperaturas fosen algo máis baixas, principalmente no que atinxe ás máximas.

Así, o mes comezaba coa chegada dunha borrasca que deixaba algunhas precipitacións nas primeiras horas do día 1.

Logo dunha lixeira melloría, o día 2 sufrimos o paso da borrasca *Alex*, que deixaba fortes refachos de vento, chuva e entrada de aire frío durante a tarde, que ocasionaba a primeira nevada do outono en cotas altas.

Os días 3 e 4 estiveron caracterizados polos chuvascos e o tempo frío e cambiante.

Nas xornadas do 5 e do 6 quedamos aínda con situacións caracterizadas pola humidade e os ventos do oeste, con algunhas chuvias febles.

A partir do día 7 chegaba unha situación anticiclónica que prolongou o seu dominio ata o día 12, deixando xornadas de tempo seco e con ascenso de temperatura. Ese anticiclón foise retirando cara ao Atlántico e nos días 13, 14 e 15 formouse un corredor de isóbaras que achegaba aire frío do norte e algunha inestabilidade, deixando baixas temperaturas e chuvascos no norte.

Os días 16 e 18 tivemos novamente situacións anticiclónicas e no medio unha fronte pouco activa rozaba Galicia na xornada do 17 deixando algunhas precipitacións febles.

O segundo evento significativo do mes tivo lugar nas xornadas do 19 e 20, cando a chegada da borrasca *Bárbara* deixou un episodio de fortes ventos e chuvias bastante xeneralizadas.

Esta situación foi mellorando nas xornadas do 21 e 22, con ascenso de temperatura, pero aínda con chuvascos, que nalgúns puntos do oeste eran bastante frecuentes.

O día 23 foi bastante tranquilo, con chuvascos a primeira hora, pero unha tarde de estabilidade. Sen embargo, na tarde-noite do 24 e na madrugada do domingo unha fronte moi activa atravesaba todo o territorio galego, deixando fortes refachos de vento e chuvias



intensas. Logo de pasar esa fronte, entraba aire frío, polo que as temperaturas foron descendendo e a xornada do 25 foi de baixas temperaturas, con chuvascos illados.

A protagonista dos días seguintes foi unha gran borrasca, localizada ao sur de Islandia que se formou do encontro entre os restos do furacán *épsilon* e unha borrasca fría de orixe polar. Nesa xornada do 26 deixaba algúns avisos amarelos por chuvia e vento. O peor chegaría na xornada do 28, cando, a medida que o tempo melloraba en terra, empeoraba no mar. Na tarde do 28 as ondas chegaban a superar os 8 metros, o que motivou un aviso vermello no litoral da Coruña.

Xa nas 3 últimas xornadas do mes tivemos días con vento do sur, ascenso de temperatura e máis nubes no oeste, mesmo con chuvias febles no litoral nos días 29 e 31, mentres os ceos quedaban máis abertos no leste.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Tanto no mapa de anomalía de presión en superficie (Figura 1) como no de altura xeopotencial (Figura 2), pódese observar unha forte anomalía negativa centrada nas Illas Británicas. As baixas presións afastan á Comunidade da influencia do Anticiclón dos Azores.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Outubro-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Outubro-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	OUTUBRO 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.2/15.9	16.0	18.8 (2014)	12.6 (1974)
Tª mínima media	13.4/13.2	13.0	15.4 (2014)	10.2 (1974)
Tª mínima absoluta	9.5/8.8 (día 16)	6.0 (19/10/1992)		
Tª mínima máis alta	17.4/17.1 (días 31/6)	20.1 (15/10/2017)		
Tª máxima media	18.9/18./7	18.9	22.1 (2014)	15.0 (1974)
Tª máxima absoluta	23.7/22.9 (día 18)	31.5 (02/10/2012)		
Tª máxima máis baixa	15.6/15.8 (día 26)	11.8 (31/10/2008)		
Precipitación acumulada	109	93-129	309 (1990)	0 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	16	13	23 (1960)	0 (1941)

Comentario: Mes normal en canto ás temperaturas medias e máximas, mentres que para as mínimas foi lixeiramente cálido.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. Sen embargo, o número de días de chuvia foi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020. Temperatura: 1948-2020.

SANTIAGO

	OUTUBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.5	14.9	17.6 (2017)	12.3 (1992)
Tª mínima media	10.2	10.6	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	4.8 (día 16)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª mínima máis alta	15.4 (día 6)	18.7 (10/10/1997)		
Tª máxima media	16.8	19.2	23.8 (2017)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	22.7 (día 7)	31.9 (13/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	13.1 (día 26)	10.0 (28/10/2018)		
Precipitación acumulada	165	165-215	604 (1987)	3 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	18	14	23 (1987)	1 (2007)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas máximas e medias, sendo normal para as temperaturas mínimas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, pero o número de días de chuvia foi moi superior ao agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020.



LUGO

	OUTUBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.6	13.3	16.0 (2014)	9.3 (1974)
Tª mínima media	7.7	8.3	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	1.3 (día 16)	-2.0 (19/10/1980)		
Tª mínima máis alta	14.7 (día 6)	16.4 (01/10/2001)		
Tª máxima media	17.5	18.2	23.9 (2017)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	24.4 (día 8)	31.8 (15/10/2017)		
Tª máxima máis baixa	13.0 (día 26)	7.1 (28/10/2018)		
Precipitación acumulada	112	103-131	393 (1987)	10 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	14	12	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais. Sen embargo, o número de días de chuvia foi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2020. Temperatura: 1981-2020.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	OUTUBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.0	15.5	18.7 (2014)	11.6 (1974)
Tª mínima media	11.1	10.7	13.8 (2014)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	5.4 (día 16)	1.2 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	16.3 (día 6)	19.0 (06/10/2009)		
Tª máxima media	18.9	20.4	24.2 (2017)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	22.8 (día 18)	33.3 (14/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.0 (día 26)	10.8 (12/10/1972)		
Precipitación acumulada	176	179-221	596 (1987)	7 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	17	13	24 (1987)	1 (2007)

Comentario: Gran contraste tendo en conta as temperaturas máximas (en que o mes resultou moi frío) e as mínimas (moi cálido), debido a isto o mes resultou lixeiramente frío tendo en conta a temperatura media.

A precipitación rexistrada estivo moi próxima ao rango de valores normais, resultando un mes lixeiramente seco nesta localidade. Sen embargo, o número de días de chuvia foi moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2020. Temperatura: 1958-2020.



OURENSE

	OUTUBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.5	15.6	18.2 (2014)	11.6 (1974)
Tª mínima media	9.0	9.6	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	3.1 (día 16)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	15.9 (día 6)	19.6 (10/10/1997)		
Tª máxima media	20.0	21.6	27.4 (2017)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	26.2 (día 8)	34.3 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.7 (día 25)	7.0 (26/10/1976)		
Precipitación acumulada	91	85-129	282 (1987)	5 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	11	10	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas medias e as máximas, mentres que para as mínimas o mes considérase normal.

A precipitación acumulada están dentro do rango de valores normais. O número de días de chuvia foi lixeiramente superior ao valor climático agardado.

Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2020. Temperatura: 1972-2020.

5 TEMPERATURA

As temperaturas mínimas non estiveron en media moi lonxe do habitual nun mes de outubro, pero as máximas quedaron por debaixo, xa que houbo varios eventos de borrascas frías que os poucos días de ascenso térmico non conseguiron compensar.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de outubro de 2020.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de outubro para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 16.2 °C. Os valores máis altos rexistráronse no Miño ourensá, con valores que superaron lixeiramente os 20 °C de media. As máximas máis baixas déronse en Pena Trevinca, con máximas medias que apenas acadaron os 6 °C.



5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de outubro, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 8.4 °C. Os valores máis baixos rexistráronse nas zonas da alta montaña ourensá e tamén na comarca da Limia, chegando acadar valores inferiores aos 2 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse nos concellos de A Coruña e Arteixo con valores que acadaron os 14 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de outubro de 2020.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse nas comarcas de A Coruña e Ortegal. As máis baixas (Táboa 2) tiveron nas comarcas da Baixa Limia e Viana, con valores de máis dun grado por debaixo do normal.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cariño	A Coruña	0.6
Cedeira	A Coruña	0.6
Cambre	A Coruña	0.6
Carballo	A Coruña	0.3
Burela	Lugo	0.3
Ortigueira	A Coruña	0.3
Xove	Lugo	0.3
Valdoviño	A Coruña	0.2
Cerdido	A Coruña	0.2
Carral	A Coruña	0.2

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de outubro de 2020.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Vilariño de Conso	Ourense	-1.6
Verea	Ourense	-1.6
Lobeira	Ourense	-1.6
Lobios	Ourense	-1.5
Gudiña (A)	Ourense	-1.5
Muíños	Ourense	-1.5
Entrimo	Ourense	-1.5
Padrón	A Coruña	-1.5
Mezquita (A)	Ourense	-1.5
Rubiá	Ourense	-1.4

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de outubro de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 7 e do 8 resultaron as máis cálidas en ambas altitudes con temperaturas elevadas para a época do ano. Estas temperaturas destacaron especialmente na provincia de Ourense.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/10/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	27.7
08/10/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	27.1
07/10/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	26.9
07/10/2020	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	26.9
08/10/2020	Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	26.8
07/10/2020	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	26.7
08/10/2020	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	26.4
07/10/2020	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	26.1
08/10/2020	Míllara	PANTÓN	Lugo	26.1
08/10/2020	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	26.1

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en outubro de 2020 a unha altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/10/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	21.9
07/10/2020	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	21.4
08/10/2020	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	21.2
08/10/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	20.3
08/10/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	20.3
08/10/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	20.0
08/10/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	19.9
08/10/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	19.3
08/10/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	18.7
08/10/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	17.6

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en outubro de 2020 a unha altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia nos meses de outubro de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do 16 foi especialmente fría, con mínimas por debaixo dos 0 °C en ambas altitudes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/10/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-2.4
25/10/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-2.3
26/10/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-1.7
16/10/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-1.3
26/10/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-1.1
16/10/2020	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-0.7
16/10/2020	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-0.4
02/10/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	-0.4
26/10/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-0.4
26/10/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	0.0

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en outubro de 2020 a altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
12/10/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-3.7
16/10/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-2.2
12/10/2020	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-1.4
16/10/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	-1.2
16/10/2020	Cospeito	COSPEITO	Lugo	-1.2
16/10/2020	Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	-1.0
16/10/2020	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-1.0
16/10/2020	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-0.9
16/10/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	-0.7
16/10/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	-0.5

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en outubro de 2020 a altitude inferior a 1000m.



5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2020.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 13.8 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para outubro.

A anomalía media da temperatura para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de $-0.69\text{ }^{\circ}\text{C}$, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como frío. Isto debeuse principalmente as medias das temperaturas máximas foron frías, presentando unha anomalía negativa de $-1.32\text{ }^{\circ}\text{C}$, mentres que as mínimas foron normais, cunha anomalía de tan só $-0.1\text{ }^{\circ}\text{C}$. O precedente máis frío a este ano, atopámolo en 2008.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en outubro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

O mes de outubro comportouse dun xeito bastante normal no que atinxe as precipitacións, xa que os episodios de borrascas foron bastante significativos (*Alex*, *Bárbara*, restos de *Épsilon*) foron quen de deixar cantidades moi significativas de precipitación.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 198 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse principalmente no oeste da Comunidade, destacando a Terra de Xallas e as serras do Suído e o Testeiro na provincia de Pontevedra con valores próximos aos 400 L/m², segundo os valores do mapa. As zonas de menor precipitación están en varias localidades da provincia de Ourense onde rexistráronse valores de precipitación acumulada que non acadaron os 80 L/m².




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de outubro de 2020.



6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de outubro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 14 % superior ao período de referencia 1981-2010. Así, pódense apreciar como os episodios máis chuviosos deixaron porcentaxes de precipitación de máis dun 82 % por riba do normal principalmente no leste da Comunidade, en contraste cas porcentaxes rexistradas en localidades do suroeste de Galicia, con valores que estiveron ata un 51 % por debaixo do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de outubro de 2020.

6.2. Días de chuvia en outubro de 2020

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 16.1. Os valores máis altos acadáronse nas comarcas do Xallas e na Serra do Xistral, onde se acadaron os máis de 21 días de chuvia. Pola contra, na comarca de Verín, acadáronse os valores máis baixos, chegando aos 8 días de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de outubro de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de outubro. As precipitacións acumuladas máis altas chegaron superaron os 300 L/m² principalmente nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Así mesmo, destaca a chuva rexistrada entre as xornadas do 24 ao 25 de outubro, rexistrando valores por riba dos 80 L/m², nalgúns localidades.

Precipitacións acumuladas máximas en outubro de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	391
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	374
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	369
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	345
Muralla	LOUSAME	A Coruña	344
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	318
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	311
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	307
Labrada	ABADÍN	Lugo	306
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	305

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de outubro de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	132	24/10/2020 09:30
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	112	24/10/2020 01:40
Muralla	LOUSAME	A Coruña	87	24/10/2020 00:30
Costa	ROIS	A Coruña	82	24/10/2020 02:00
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	82	24/10/2020 20:30
Gargamala	MONDARIZ	Pontevedra	81	24/10/2020 12:10
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	81	24/10/2020 07:50
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	80	24/10/2020 14:20
Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	80	24/10/2020 17:30
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	77	24/10/2020 12:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de outubro de 2020.



6.3. Evolución da precipitación en outubro de 2020

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020, para esta serie, foi 171 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2020 para outubro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 5 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse normal, tendo en conta o conxunto da Comunidade, precedido tamén por un ano 2019 no que outubro foi húmido cunha porcentaxe de precipitación superior á acadada este ano.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en outubro, respecto ó período 1981-2010.











7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase que foron moitas as localidades que superaron este limiar. Destacan as dous primeiros días do mes, e o 24 e 25. A porcentaxe de calmas foi en xeral moi baixa.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en outubro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
24/10/2020	O Xistral	MURAS	Lugo	138.5
24/10/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	132.6
01/10/2020	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	132.2
01/10/2020	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	129.7
02/10/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	125.1
19/10/2020	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	124.4
02/10/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	122.5
24/10/2020	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	118.5
02/10/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	117.3
19/10/2020	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	115.8
01/10/2020	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	115.1
24/10/2020	Muralla	LOUSAME	A Coruña	112.5
02/10/2020	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	111.1
19/10/2020	Camarifias	CAMARIÑAS	A Coruña	109.4
24/10/2020	Fragavella	ABADÍN	Lugo	108.1
19/10/2020	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	107.1
19/10/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	106.6
24/10/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	105.6
25/10/2020	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	103.8
24/10/2020	Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	103.2
01/10/2020	Cariño	CARIÑO	A Coruña	101.7
27/10/2020	Burela	BURELA	Lugo	101.0
02/10/2020	Ons	BUEU	Pontevedra	101.0
02/10/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	100.6
19/10/2020	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	100.0

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de outubro de 2020.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	96.0	S	5		
		Día 19				
Pta. Candieira	Cedeira	129.7	SO	4		
		Día 1				
Malpica	Malpica	96.1	O	2		
		Día 1				
Marco da Curra	Monfero	103.2	SO	3		
		Día 24				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de outubro de 2020 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	132.2	SO	2		
		Día 1				
Campus Lugo	Lugo	58.2	S	58		
		Día 1				
Ancares	Cervantes	117.3	S	3		
		Día 2				

Táboa 11: Resumo vento no mes de outubro de 2020 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	125.1	NO	4		
		Día 2				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Rodicio	Maceda	124.4	SO	9		
		Día 19				
Gandarela	Celanova	69.8	NO	34		
		Día 1				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de outubro de 2020 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente e dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	92.9	S	5		
		Día 1				
Cíes	Vigo	100	SO	22		
		Día 19				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de outubro de 2020 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de outubro de 2020.



8.2. Anomalía de insulación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insulación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de outubro 195 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse en tan só tres xornadas do mes (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en outubro de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 a gran maioría detectáronse na provincia de A Coruña, mentres que na provincia de Ourense tan só detectáronse dous raios.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en outubro de 2020.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en outubro en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Pódese observar que no mes de outubro normalmente, os raios detectados son poucos, con excepción do ano 2013 que destaca moito con respecto aos demais anos.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en outubro dende 2010 a 2020.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia